



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2022 Técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Señale a resposta INCORRECTA en relación coas Úlceras por Presión (UPP).

- A) Cando un paciente está en posición de sedestación debe reposicionarse cada 15 minutos.
- B) A presenza de temperatura corporal elevada está asociada coa aparición de UPP.
- C) As zonas de aparición de UPP máis frecuentes en neonatos son glúteos e talóns.
- D) Nos doentes con risco de desenvolver UPP débense rexistrar os cambios posturais especificando a frecuencia e a posición, incluíndo unha avaliación dos resultados observados.

2. Cal é a primeira acción a levar a cabo ante unha queimadura eléctrica?

- A) Iniciar manobra RCP.
- B) Comprobar pulso e respiración.
- C) Cubrir a zona queimada.
- D) Desconectar a corrente antes de tocar á vítima.

3. Donabedian clasifica os criterios de calidade en función de varias características. Segundo o grao de especificación estes criterios poden ser:

- A) Encadeados ou transversais.
- B) Ponderados ou isovalentes.
- C) Implícitos ou explícitos.
- D) Específicos ou xerais.

4. As necesidades básicas segundo Virginia Henderson son:

- A) Comunicarse.
- B) Comer, beber e descansar.
- C) Evitar perigos e recrearse.
- D) Todas as anteriores son correctas.

5. A canto equivale 1 ml nos sistemas de perfusión normais?

- A) 30 gotas.
- B) 20 gotas.
- C) 60 gotas.
- D) Ningunha é correcta.

6. A Diatermia consiste en:

- A) Aplicación de calor de forma superficial.
- B) Aplicación de calor mediante baños de parafina.
- C) Aplicación de calor de forma profunda.
- D) Aplicación de calor mediante convección.

7. Ó método curativo que utiliza o traballo manual na reeducación dos pacientes psiquiátricos, para a súa reinserción na vida social, chamámolo:

- A) Ludoterapia.
- B) Socioterapia.
- C) Ergoterapia.
- D) TEC.

8. A achega de substancias nutrientes dixeridas, por vía oral, denomínase:

- A) Nutrición parenteral.
- B) Nutrición forzada.
- C) Nutrición enteral.
- D) Nutrición nasogástrica.

9. Para que son útiles as habilidades de comunicación na práctica clínica?

- A) Son necesarias desde o mero feito da análise ao paciente como unha unidade integral, (bio-psico, social, espiritual e cultural).
- B) Son necesarias desde o mero feito da análise ao paciente como unha unidade independente, (bio-psico, local, espiritual e cultural).
- C) Son necesarias desde o mero feito da análise ao paciente como unha unidade individual, (bio-psico, social, espiritual e cultural).
- D) Son necesarias desde o mero feito da análise ao paciente como unha unidade incompleta, (bio-psico, social, espiritual e cultural).

10. Dos seguintes accesorios, cal ten como obxectivo previr que os pacientes se caian ou golpeen contra as varandas?

- A) Arcos de cama.
- B) Reixas de seguridade.
- C) Barras de tracción.
- D) Protectores de varandas da cama.

11. Un paciente que ten TA 190/110 mmHg e unha frecuencia cardíaca de 110 lpm, presenta:

- A) Hipotensión e bradicardia.
- B) Hipertensión e taquicardia.
- C) Normotensión e taquicardia.
- D) Hipertensión e pulso normal.

12. NON é certo do Proceso de Atención de Enfermería (PAE) que:

- A) Consta de cinco etapas
- B) Forma parte da historia de enfermmería
- C) É un proceso lineal
- D) Está informatizado

13. Os residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados son clasificados como:

- A) Clase IV: residuos de citotóxicos e citostáticos.
- B) Clase IIa: residuos específicos da actividade sanitaria.
- C) Clase IIb: residuos non específicos da actividade sanitaria.
- D) Clase III: residuos sanitarios biocontaminados.

14. No balance hídrico, onde os líquidos ingresados son iguais aos perdidos, o paciente atópase no estado:

- A) Hipervolémico.
- B) Hipovolémico.
- C) Euvolémico.
- D) Todas son falsas.

15. En cal das seguintes situacións debería realizar a manobra fronte-queixo?

- A) Ante un enfermo consciente que presenta respiración espontánea.
- B) Ante un enfermo con posible obstrución da vía aérea.
- C) Ante un enfermo con posible obstrución severa das vías respiratorias.
- D) Nunha vítima inconsciente que non responde a estímulos.

16. Cal das seguintes consideracións sobre a morte NON é verdadeira?

- A) A morte implica un proceso de dó polas perdas que conleva.
- B) As mortes esperadas durante un certo tempo poden provocar unha resolución anticipada do dó.
- C) O significado que se atribúe á morte dun membro da familia non varía coa idade.
- D) As crenzas e valores poden determinar a visión da morte propia ou dos demais.

17. A parada cardiorrespiratoria (PCR) pódese definir como:

- A) Cesamento brusco, inesperado e potencialmente reversible da circulación e ventilación espontánea.
- B) Cesamento brusco da actividade cardíaca.
- C) Cesamento brusco da actividade cardíaca e respiratoria.
- D) Perda da conciencia e cesamento súbito da actividade cardiovascular.

18. Os motivos para realizar unha exploración médica son:

- A) O diagnóstico dunha enfermidade.
- B) Un recoñecemento laboral.
- C) Programas de prevención.
- D) Todas son correctas.

19. Con respecto ás úlceras por presión, é correcto:

- A) No estadio I, a pel está gretada e con vesículas.
- B) No estadio II, hai necrose ou morte celular.
- C) No estadio III, a extensión da lesión é ata o músculo.
- D) No estadio IV, o eritema non desaparece cando cesa a presión.

20. Os servizos sanitarios de calidade deben ser:

- A) Centrados na persoa e oportunos.
- B) Eficaces e seguros.
- C) Equitativos, eficientes e integrados.
- D) Todas son correctas.

21. A que se refire a infectividade dunha enfermidade?

- A) Capacidade do axente para estenderse na poboación.
- B) Capacidade para dar lugar a unha enfermidade.
- C) Grao ou cantidade de enfermidade que pode producir un axente causal.
- D) Capacidade para multiplicarse nos tecidos, dando lugar ou non a enfermidade.

22. Para a recollida dunha mostra de ouriños e a súa posterior análise rutineira, é correcto:

- A) A mostra ten que ser estéril.
- B) Non é necesario que a mostra sexa estéril.
- C) O paciente debe estar sondado.
- D) A recollida da mostra realizarase á primeira hora da mañá.

23. En referencia ós trastornos de ideas delirantes persistentes, as accións do/da TCAE irán encamiñadas a (sinale a resposta FALSA):

- A) Recollida de información relacionada co estado de ánimo do paciente.
- B) Descrición do comportamento do paciente.
- C) Finxir que se cren os contidos delirantes como verdadeiros.
- D) Comunicarse co paciente de modo directo e preciso.

24. En canto ás características do paciente terminal, sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Presenza dunha enfermidade avanzada, progresiva e incurable.
- B) Gran impacto emocional en paciente, familia e equipo terapéutico.
- C) Prognóstico de vida limitado, inferior a seis meses.
- D) Presenza dunha enfermidade aguda e con mal prognóstico.

25. A farmacocinética comprende os seguintes procesos:

- A) Liberación e absorción.
- B) Metabolismo.
- C) Distribución.
- D) Todas as respostas son correctas.

26. Cal das seguintes afirmacións é a principal vía de transmisión cruzada de microorganismos potencialmente patóxenos entre os pacientes nos centros sanitarios?

- A) Non existen as infeccións cruzadas. En todo caso sería infección transmisible.
- B) O aire do hospital.
- C) O entorno e as superficies do hospital.
- D) As mans dos profesionais sanitarios cando non están limpas.

27. O incumprimento do deber de garantir a confidencialidade e a intimidade das persoas por parte do persoal que ten acceso á información relacionada co estado de saúde individual é unha:

- A) Infracción sanitaria leve.
- B) Infracción sanitaria grave.
- C) Infracción sanitaria menos grave.
- D) Infracción sanitaria moi grave.

28. Segundo o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, entre os factores contextuais do risco do suicidio está:

- A) A esquizofrenia.
- B) Falta de apoio social e situación laboral.
- C) Abuso do alcol e outras drogas.
- D) Depresión maior.

29. Sinale a resposta correcta en relación coa hixiene do cordón umbilical:

- A) Lavarase con auga e xabón e secarase.
- B) Desinfectarase con Povidona Iodada.
- C) Desinfectarase con alcohol de 96°.
- D) Lavarase con auga e xabón e aplicarase antibiótico de uso tópico.

30. A forma de inmunidade que se xera pola exposición a un antíxeno estraño, denomínase?

- A) Resistencia antixénica.
- B) Inmunidade pasiva.
- C) Inmunidade activa.
- D) Sistema inmunitario.

31. Sinale a resposta correcta en relación coa hixiene do doente:

- A) As uñas das mans cortaranse rectas e as do pés ovadas.
- B) A hixiene dos ollos debe realizarse dende o ángulo externo cara ao interno utilizando unha gasa para cada ollo.
- C) A hixiene perianal debe realizarse de abaixo cara arriba e de fóra cara a dentro.
- D) En condicións normais do paciente, a temperatura da auga para o aseo será o máis próxima á temperatura corporal.

32. Entre as funcións que un procesador de textos ofrece, está:

- A) Agregar, borrar ou mover palabras.
- B) Corrección de erros.
- C) Cambio do aspecto do texto.
- D) Todas son correctas.

33. O nome do fármaco que recolle a acción do produto químico denomínase:

- A) Nome xenérico.
- B) Nome químico.
- C) Marca rexistrada.
- D) Ningunha é correcta.

34. Como método de esterilización, o gas plasma é un proceso:

- A) Físico por calor húmido.
- B) Químico en quente.
- C) Químico en frío.
- D) Físico por calor seco.

35. O colchón que está formado por uns tubos que se inchan e desinchan alternativamente e automaticamente, recibe o nome de:

- A) Colchón de auga.
- B) Colchón de espuma.
- C) Colchón de resortes.
- D) Colchón antiéscaras.

36. Na gráfica de hospitalización, anótase en cor verde:

- A) A temperatura.
- B) O pulso.
- C) A respiración.
- D) A tensión arterial.

37. As principais recomendacións utilizadas para a prevención de caídas en adultos maiores durante o proceso de hospitalización, pódense clasificar nos seguintes ítems, exceptuando:

- A) Predición do risco de caídas en pacientes hospitalizados.
- B) Xerar avaliación e intervencións sistemáticas.
- C) Proporcionar información oral e escrita relevante e apoio para pacientes, os seus familiares e cuidadores.
- D) Uso de calzado inadecuado, escorregadizo e fomentar que camiñe descalzo ou con calcetíns sen necesidade de elementos de apoio, para aumentar a súa autonomía.

38. Quen deseñou un criterio xerárquico polo cal o logro dunhas metas ou necesidades nos permitirían acceder a novas metas?

- A) Maslow.
- B) Mischel.
- C) Piaget.
- D) Vygotsky.

39. Os núcleos goticulares aéreos ou de Wells, causantes da diseminación de microorganismos e ante os que debemos tomar precaucións para evitar a transmisión aérea de enfermidades, teñen como característica:

- A) Pódense estender amplamente coas correntes de aire.
- B) Permanecen no aire durante longos períodos de tempo contendo microorganismos.
- C) Tamaño igual ou inferior a 5 micrómetros.
- D) Todas son correctas.

40. Referente á alimentación do lactante, é correcto:

- A) Introducirase o glute entre os catro e once meses, idealmente ao redor do sexto mes.
- B) Introducirase o leite enteiro a partir dos doce meses.
- C) Introduciranse os alimentos sólidos con risco de atragoamento por encima dos tres anos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

41. Sinale a resposta correcta en relación coas próteses bucais nos pacientes inconscientes:

- A) Hai que retiralas sempre. Os pacientes inconscientes non deben ter próteses bucais postas.
- B) Hai que retiralas cunha gasa non estéril polas noites e colocalas novamente polas mañás.
- C) Hai que retiralas cunha gasa estéril tres veces ao día para a súa limpeza e volvelas colocar inmediatamente.
- D) Hai que retiralas cunha gasa non estéril dúas veces ao día para a súa limpeza e volvelas colocar inmediatamente.

42. A Histerosalpingografía é unha proba radiolóxica de:

- A) Vesícula biliar.
- B) Útero e trompas de Falopio.
- C) Fígado e vías biliares.
- D) Vexiga e uréteres.

43. Con respecto ás necesidades básicas do paciente, o esquema de 11 patróns funcionais é de:

- A) Dorotea Orem.
- B) Marjory Gordon.
- C) Florence Ningtingale.
- D) Abraham Maslow.

44. Se falamos de Intranet, falamos de:

- A) Unha rede dixital de uso interno nunha organización.
- B) Un conxunto de ordenadores sen conexión entre eles.
- C) Un programa interno do SERGAS para o arquivo das historias clínicas.
- D) Un sistema operativo interno de cada ordenador.

45. Cando estamos en decúbito supino, de forma que a cabeza estea máis baixa que os pés, a postura que temos denomínase:

- A) Posición de Rose.
- B) Posición de Sims.
- C) Antitrendelenburg.
- D) Ningunha é correcta.

46. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O persoal que accede ós datos da historia clínica no exercicio das súas funcións queda suxeito ó deber de segredo.
- B) O deber de segredo non atinxe á Administración Pública.
- C) O persoal TCAE non pode acceder ós datos da historia clínica.
- D) Todas son correctas.

47. Que sistema é unha parte principal do sistema inmunitario?

- A) Sistema Nervioso.
- B) Sistema Endocrino.
- C) Sistema Linfático.
- D) Sistema Circulatorio.

48. A medida máis eficaz na prevención das úlceras por presión, é:

- A) Cambios posturais.
- B) Estimulación da circulación.
- C) Limpeza da pel.
- D) Non hai medida preventiva realmente eficaz.

49. Pola vía oral pódense administrar medicamentos en forma de:

- A) Cápsulas.
- B) Líquidos.
- C) Pos.
- D) En calquera das formas anteriores.

50. Á alteración da coloración da pel, limitada e circunscrita, que non presenta depresión nin elevación, denomínaselle:

- A) Mácula.
- B) Pápula.
- C) Pústula.
- D) Escama.

51. Cal das seguintes NON é unha escala de valoración de risco de desenvolver Úlceras por Presión (UPP)?

- A) Escala Braden.
- B) Escala Barthel.
- C) Escala Braden Q.
- D) Escala NSRAS.

52. A rama da medicina adicada aos aspectos preventivos, clínicos, terapéuticos e sociais das enfermidades físicas e mentais nos anciáns denomínase:

- A) Xeriatría.
- B) Xerontoloxía.
- C) Xerocultura.
- D) Senescencia.

53. NON son signos ou síntomas do paciente agonizante:

- A) Poliúria.
- B) Livideces.
- C) Oliguria.
- D) Apneas.

54. En relación á temperatura corporal, sinale a verdadeira:

- A) É máis alta pola mañá.
- B) Non varía en relación coa hora do día.
- C) É máis baixa pola mañá.
- D) Todas son falsas.

55. Os certificados dixitais empréganse para..., elixa a resposta INCORRECTA:

- A) Autenticar a identidade do/a usuario/a.
- B) Asinar electronicamente documentos.
- C) Garantir o acceso seguro ós servizos en liña.
- D) Manter o anonimato cando usamos internet.

56. Germán desempeña as súas funcións de TCAE formando parte dun equipo multidisciplinar de traballo dunha planta de hospitalización. No transcurso da mañá, avísalle desde enfermería que debe recoller unha mostra de ouriños para realizar un urocultivo ao paciente da cama 450/3; que precaucións debe ter en conta para a obtención de dita mostra?

- A) Non se debe ter ningunha precaución especial.
- B) Ten o mesmo procedemento que calquera outra mostra. Sen ningún tipo de precaución, agás que sexa unha mostra de obtención en quirófano.
- C) Extremaranse as precaucións e condicións de asepsia no equipo e no procedemento de recollida e manipulación da mostra.
- D) A obtención deste tipo de mostras só a realizará o persoal de laboratorio.

57. Unha das funcións do técnico en cuidados auxiliares de enfermería é a de mobilizar e acomodar ao paciente ancián. É correcto:

- A) Os pés do técnico en cuidados auxiliares de enfermería deben estar separados e os xeonllos lixeiramente flexionados.
- B) O técnico en cuidados auxiliares de enfermería explicará ao paciente o procedemento a realizar.
- C) Ao incorporar ao paciente para levantalo da cama, o técnico en cuidados auxiliares de enfermería deberá virar os membros inferiores do paciente cara a si mesmo deixándoos caer polo bordo da cama.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

58. Berta, TCAE en Consultas Externas, está rematando a súa quenda de traballo nunha consulta de Oftalmoloxía. Antes de saír debe:

- A) Revisar e repoñer o material da consulta.
- B) Revisar, repoñer e limpar o carro de curas.
- C) Limpar e/ou esterilizar o instrumental segundo corresponda.
- D) As respostas a, b e c son correctas.

59. Marcos, enfermeiro de Cirurxía, solicita a nosa colaboración para colocar ao paciente en decúbito dorsal para realizarlle unha exploración. Para iso colocaremos ao paciente:

- A) Tumbado sobre o lombo.
- B) Tumbado sobre o abdome.
- C) Semisentado, cos xeonllos lixeiramente flexionados.
- D) Sobre os seus xeonllos.

60. A enfermeira da Unidade na que traballamos dinos que nas ordes médicas está indicada a administración de gotas nasais cada 8 horas a María, paciente da habitación 203 A. Para unha correcta administración debemos:

- A) Indicar a María que incline lixeiramente a cabeza cara atrás.
- B) Abrir completamente os orificios nasais da paciente. Para isto, empregaremos o dedo polgar da man e faremos unha lixeira presión sobre a punta do nariz, mentres apoiamos o resto da man na fronte.
- C) Dirixir a punta do contagotas cara ao tabique nasal, mantendo un ángulo de 180 grados respecto do nariz.
- D) Todas as respostas son correctas.

61. Na planta de maternidade, por orde de enfermería, logo de estar informados os proxenitores, pídeselle ao TCAE que leve ao recentemente nado Marcos, fillo de María, para a realización do cribado neonatal de hipoacusia. A nai preocupada, pregúntalle por que é tan importante esa proba:

- A) Non é competencia do TCAE dar dita información.
- B) É un programa de detección precoz de xordeira para neonatos. Explicaríasele a importancia do cribado, e que canto antes se detecte un problema de audición, antes empezarán a tratalo co fin de mellorar a súa audición e facilitar a súa aprendizaxe.
- C) É unha análise de sangue que se realiza a un bebé recentemente nado para detectar trastornos xenéticos metabólicos sanguíneos ou outros que non son evidentes inmediatamente despois do parto.
- D) Díselo que non se preocupe, que é un procedemento rutineiro e que todo vai saír ben.

62. Hoxe na unidade de REA empeza a traballar Paco, un TCAE que inicia o seu primeiro contrato. Despois de explicarlle o funcionamento da unidade, incidímoslle moito en como ler as distintas variables dos monitores para o seu rexistro nas gráficas. Unha vez finalizado todo o percorrido, empeza a súa quenda. Debido a toda a información recibida, non lembra como identificar a temperatura na gráfica do paciente. Como ten que rexistrar Paco este valor?

- A) En cor azul e cunha P.
- B) En cor verde coas letras TA.
- C) En cor vermella cunha T.
- D) Ningunha é correcta.

63. Alberto, paciente de 58 anos, ingresado na unidade de coidados intensivos por un infarto agudo de miocardio, dille a Laura, TCAE do servizo, que ten que comentarlle un tema delicado con respecto á súa saúde. Que elementos facilitan a escoita activa?

- A) Ofrecer axudas ou solucións prematuras.
- B) Contar "a túa historia" cando o paciente necesita falar.
- C) Observar ao paciente: identificar o contido do que di, os obxectivos e os sentimentos.
- D) Interromper ao que fala.

64. Na súa práctica diaria, o persoal técnico en coidados auxiliares de enfermaría, sabe que, dentro das súas funcións, está a de dar de comer aos pacientes que non sexan capaces de facelo por si mesmos. Cando un paciente padece náuseas e vómitos, o/a TCAE, sabe que a dieta NON debe ser:

- A) Dieta con predominio de infusións.
- B) Dieta branda fraccionada.
- C) Dieta con predominio de líquidos.
- D) Dieta con predominio de fibra.

65. Rosa é unha paciente encamada de 58 anos ingresada na Unidade de Oncoloxía á que vostede ten que lavarlle o cabelo. En que posición colocará á paciente para realizar esta tarefa?

- A) Posición de Proetz (sempre que non exista contraindicación).
- B) Posición de Roser (sempre que non exista contraindicación).
- C) Posición Antitrendelemburg (sempre que non exista contraindicación).
- D) As respostas A e B son correctas.

66. Na planta de cardioloxía, despois dunha PCR e posterior RCP, o persoal de enfermería ten que comprobar o estado do carro de paradas. Repoñendo a medicación utilizada, así como o material; asegurándose de que contén:

- A) Adrenalina.
- B) Atropina.
- C) Nitroglicerina.
- D) Todas son correctas.

67. Estamos nun cuarto cun paciente que se atopa nauseoso e molesto. O paciente vomita salpicándonos nos antebrazos lixeiramente con pequenas salpicaduras, tendo as luvas postas. Que utilizaría para realizar a hixiene de mans?

- A) Auga e xabón.
- B) Solución hidroalcolica.
- C) Ó ter luvas non sería necesario porque as nosas mans xa estarían protexidas.
- D) Utilizaría auga e xabón e despois solución hidroalcolica.

68. Mateo é un neonato ao que vostede ten que bañar. Indique a resposta INCORRECTA:

- A) Fregará a pel suavemente para retirar o vérnix caseoso de todo o corpo.
- B) Durante o baño manterá a temperatura ambiente entre 23°C–25°C.
- C) Secará a pel mediante unha lixeira presión, sen fregar.
- D) Antes de bañalo se asegurará da estabilidade térmica do neonato tomándolle a temperatura.

69. Loreto é técnico en coidados auxiliares de enfermaría e traballa na Unidade de Coidados Paliativos. En canto ás necesidades emocionais dos seus pacientes, Loreto terá en conta unha serie de pautas a seguir. Sinala a opción FALSA:

- A) Procurarase un cuarto individual, permitindo a presenza da familia.
- B) Procurarase coñecer os desexos do paciente respecto aos seus coidados, respectando a vontade da familia sempre.
- C) Manterase unha actitude de escoita.
- D) Respetaranse as crenzas relixiosas do paciente, proporcionando axuda espiritual se o solicita.

70. A TCAE Raquel traballa na quenda de noite dunha planta de cardioloxía do hospital "U". Nunha das habitacións, un paciente empeza a atoparse mal. Cando chega á habitación o paciente entrou en PCR, como debe actuar a TCAE ante esta situación de urxencia vital?

- A) Sempre avisar a enfermería e pedir axuda para iniciar secuencia de manobras. Sempre que sexa posible un dos reanimadores será médico.
- B) Facer o maior ruído e espaventos posibles para que os nosos compañeiros acudan na nosa axuda.
- C) Unha vez comprobado o estado do paciente, a nosa función será facilitar todo o material, equipos e axuda que nos soliciten así como colaborar nas manobras de RCP.
- D) As respostas A e C son correctas.

71. Lucía é unha paciente ingresada na Unidade de Traumatoloxía que ten indicada terapia con frío. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) Durante a terapia, observará a zona exposta para detectar posibles complicacións.
- B) Observará o estado da pel antes e despois da aplicación do tratamento.
- C) Unha das indicacións da crioterapia é a síndrome de Raynaud.
- D) Vixiará sempre a temperatura e o tempo de exposición.

72. Uxío, paciente de 15 anos, está ingresado na sala de psiquiatría infanto-xuvenil e está sufrindo un cadro de axitación. Como primeiro paso para o manexo da axitación está a contención verbal. Nesta fase NON debemos empregar frases como:

- A) Que che axuda nun momento de intranquilidade como este para saber o que podemos facer?
- B) O que estás pasando tamén lle molestaría a outras persoas.
- C) Do que me contas entendo que...
- D) Debes tranquilizarte ou teremos que darche medicación.

73. Despois do uso dunha pa de longoscopio nunha parada cardiorespiratoria, que desinfectante debería utilizarse para acadar un alto nivel de desinfección?

- A) Fenois.
- B) Derivados clorados.
- C) Clorhexidina digluconato.
- D) Ácido peracético.

74. Manuel é un paciente ancián ingresado na planta de Medicina Interna e diagnosticado recentemente de Alzheimer, cal das seguintes manifestacións NON observaremos nesta primeira fase da enfermidade na nosa práctica diaria con Manuel?

- A) Deterioro do xuízo.
- B) Falta de espontaneidade.
- C) Confusión.
- D) Redución da iniciativa.

75. Na unidade de psiquiatría observamos que un paciente presenta inquietude, parkinsonismo, sequidade de boca, protrusión da lingua, pescozo torcido e movementos incontrolables dos dedos. Avisaremos ó persoal de enfermería e/ou ao especialista en psiquiatría porque posiblemente estea sufrindo:

- A) Unha crise de histeria.
- B) Unha crise de ansiedade.
- C) Síntomas extrapiramidais.
- D) As respostas B e C son correctas.

76. Na planta de hospitalización onde traballa Rocío como TCAE, o equipo de enfermería coméntalle que á paciente da habitación 218 váiselle realizar a extracción dunha mostra de sangue capilar. De onde a pode extraer?

- A) Do papullo do dedo, do lóbulo da orela ou do talón do pé. Pero esta acción non se corresponde coas funcións do/da TCAE, aínda que poida colaborar coa enfermeira se así se lle requirise.
- B) Do papullo do dedo, do glúteo ou do lóbulo da orela.
- C) Do papullo do dedo, do glúteo ou de toda a orela.
- D) Do lóbulo da orela, do antebrazo ou do glúteo. Pero esta acción non se corresponde coas funcións do/da TCAE, aínda que poida colaborar coa enfermeira se así se lle requirise.

77. Lourdes, TCAE de UCI, nun illamento respiratorio realiza a secuencia da colocación de EPIs fronte a axentes biolóxicos para entrar na habitación, sendo o correcto:

- A) Retirar obxectos persoais, hixiene de mans antes de entrada en área contaminada, vestir bata atando as cintas, colocar máscara respiratoria axustándoa, protección ocular ou pantalla protectora axustando co resto de EPIs, poñer luvas por debaixo da bata.
- B) Retirar obxectos persoais, hixiene de mans antes de entrada en área contaminada, vestir bata atando as cintas, colocar máscara respiratoria axustándoa, protección ocular ou pantalla protectora axustando co resto de EPIs, poñer luvas por riba da bata.
- C) Retirar as luvas beliscando cun movemento de pelado, hixiene de mans, retirar protección ocular agarrando pola parte de atrás da cinta, quitar a bata con efecto de pelado do interior ao exterior, retirar a máscara, hixiene de mans.
- D) Retirar as luvas beliscando cun movemento de pelado, hixiene de mans, retirar protección ocular agarrando pola parte diante da cinta, quitar a bata con efecto de pelado do exterior ao interior, retirar a máscara, hixiene de mans.

78. Manuel é un paciente con escasa mobilidade ingresado na Unidade de Paliativos. Vostede debe saber que as zonas de maior incidencia de UPP cando o sitúa en Decúbito Lateral son:

- A) Orelas e trocánteres.
- B) Costelas e maléolos.
- C) Ombreiros e cristas ilíacas.
- D) Todas son correctas.

79. Na sala de extraccións e recollida de análises en Atención Primaria, chega unha mostra de feces para estudo de parasitos, debemos saber como TCAE que:

- A) Débese transportar a mostra ao laboratorio tan pronto como sexa posible, ou mantela refrixerada ata que o transporte se realice.
- B) As mostras sólidas deben examinarse dentro das dúas primeiras horas.
- C) Se a recomendación de tempo xeral para o envío (2 horas) non é factible, a mostra debe colocarse nun dos fixadores dispoñibles.
- D) As mostras secas (diarreicas, semi-formadas ou formadas) son aceptables para o exame fecal.

80. María acaba de ter un bebé, e nas indicacións dadas polos profesionais da saúde especificáanse varias. Entre as seguintes, sinala a opción INCORRECTA:

- A) Recoméndanlle manter a lactación materna de forma exclusiva durante os seis primeiros meses de idade.
- B) Engadirá de forma paulatina o resto dos alimentos, mantendo a lactación materna a demanda todo o tempo que nai/fillo o desexen.
- C) A alimentación complementaria pódese introducir entre o cuarto e sexto mes.
- D) Recoméndanlle manter a lactación materna de forma exclusiva durante o primeiro ano de idade.

81. Como persoal técnico en coidados auxiliares de enfermaría, imos indicarlle ao noso paciente autónomo e portador de sonda vesical, que debe recoller uns ouriños de 24 horas. É correcto:

- A) Empezará a recollida de ouriños a calquera hora do día.
- B) Empezará a recollida de ouriños pola mañá, baleirando a bolsa de ouriños no frasco de recollida.
- C) Empezará a recollida de ouriños pola mañá, baleirando a bolsa de ouriños e refugando o contido polo WC.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

82. Pío desempeña as súas funcións de TCAE na planta de Pneumoloxía do hospital H. Na quenda de tarde, avísanlle de que o paciente da habitación 357/1 ten que recoller unha mostra de esputo para enviar ao laboratorio. Á parte de proporcionarlle ao paciente o recipiente de recollida, como pode ser a obtención desta mostra?

- A) Realizando un estudo exhaustivo previo.
- B) Hai que utilizar un catéter.
- C) A mostra pode ser en eliminación voluntaria ou involuntaria.
- D) Debe estar en xaxún.

83. María, paciente de 83 anos con escasa mobilidade ingresa na planta onde vostede presta os seus servizos como TCAE. Na valoración inicial da pel observa flictena con contido seroso en talón dereito. Que estadio ou grao de UPP presenta?

- A) Estadio o Grado II.
- B) Estadio o Grado V.
- C) Estadio o Grado I.
- D) Estadio o Grado III.

84. Nunha unidade de urxencias, chega unha alerta por un accidente con múltiples feridos, despois de prepararse todo o persoal para a súa chegada, os/as TCAE solicítannos colaboración para que según vaian chegando a urxencias, acomodemos ós menos graves e lles tomemos o pulso periférico. Como debemos realizar o procedemento?

- A) Elexir o lugar da medición: radial, braquial, carótida, temporal, femoral, tibial posterior, poplítea ou pedial.
- B) Se eleximos a arteria radial, cerrarase o puño forte e co brazo pegado o corpo nun ángulo de 90°.
- C) Unha vez localizado o pulso contaremos os latexos durante 15 segundos e multiplicarémolos por catro.
- D) As respostas A e C son correctas.

85. Ingressa un paciente adulto con 37,5°C de temperatura, 145/110 de TA, 120 lpm e con máis de 24 rpm.

Con estes datos, diremos que o paciente presenta:

- A) Febre moderada, hipertensión, taquicardia, taquipnea.
- B) Febrícula, hipertensión, taquicardia, taquipnea.
- C) Febre moderada, hipotensión, taquicardia, taquipnea.
- D) Temperatura normal, hipotensión, bradicardia, bradipnea.

86. Manuel, paciente da habitación 302 B ten osíxenoterapia. Lucía, TCAE da Unidade, debe revisar o frasco humidificador. Sinale a opción correcta:

- A) O frasco humidificador encherase ata 2/3 da súa capacidade con auga destilada estéril.
- B) O frasco humidificador encherase ata 2/3 da súa capacidade con auga destilada non estéril.
- C) O frasco humidificador encherase ata 1/3 da súa capacidade con auga destilada estéril.
- D) O frasco humidificador encheráse con auga da billa.

87. O obxectivo do persoal técnico en coidados auxiliares de enfermaría, cando na súa actividade profesional vai dar de comer a un paciente terminal, é:

- A) Atrasar todo o posible o seu falecemento.
- B) Procurar unha nutrición óptima para loitar contra a enfermidade.
- C) Proporcionar benestar ao paciente.
- D) Aumentar mecanismos de defensa ante a enfermidade.

88. Quique, Lucía e Mar son parte do servizo de Cardioloxía; para unha boa colaboración como membros de traballo nun equipo deben:

- A) Unicamente dedicarse a unha parcela propia asignada previamente.
- B) Realizar unha crítica construtiva exercendo un feedback negativo.
- C) Preocuparse polas necesidades e os problemas profesionais e emocionais dos compañeiros de traballo.
- D) Fiarse dos coñecementos e experiencia dun mesmo.

89. Vostede atópase traballando no Servizo de Rehabilitación como TCAE, polo que debe saber que a transmisión de calor por medio dun fluído recibe o nome de:

- A) Condución
- B) Convección.
- C) Hidroterapia.
- D) Conversión.

90. Vostede ten que realizar a hixiene bucal dun enfermo inconsciente. Cal dos seguintes procedementos é correcto?:

- A) Colocará ao paciente en posición de Semifowler coa cabeza ladeada (se non existe contraindicación).
- B) Ao terminar secará ben os beizos e aplicará hidratación.
- C) Se ten prótese dental, retiraraa cunha gasa, limparaa e volverá colocarlle.
- D) A e B son correctas.

91. Fermín é un paciente de 46 anos diagnosticado de antropofobia que se encontra ingresado na nosa unidade. Dada a súa doenza, debemos:

- A) Trivializar a fobia cando sexa ridícula.
- B) Non deixar que o paciente se ille completamente.
- C) Dende o primeiro momento tratar de modificar as estratexias de afrontamento do paciente.
- D) Todas son verdadeiras.

92. Está indicado que ao paciente da habitación 416 debe administrárselle un enema de limpeza. A postura correcta do paciente para a súa administración será:

- A) Decúbito lateral dereito.
- B) Decúbito lateral esquerdo co membro inferior dereito flexionado.
- C) Decúbito lateral dereito co membro inferior esquerdo flexionado.
- D) Posición xenupeitoral.

93. Paciente de 82 anos ingresado por infección respiratoria, comeza a manifestar diarrea acuosa, febre e dor abdominal por Clostridium difficile, principal patóxeno asociado a infección nosocomial. Que medida debes realizar para eliminar as esporas e evitar a súa propagación?


- A) Lavado de mans con solución hidroalcohólica 20 ou 30 segundos.
- B) Lavado de mans con alcohol ao 70 %.
- C) Lavado de mans con auga e xabón antiséptico.
- D) Lavado de mans con peróxido de hidróxeno.

94. O técnico en coidados auxiliares de enfermaría está a traballar en quenda de mañá. Antes de mandar as mostras ao laboratorio, é correcto afirmar que as condicións óptimas para manter unha mostra de ouriños, son:

- A) No control de enfermería, pechada hermeticamente nun frasco estéril, e na batea correspondente ás mostras que se han de enviar ao laboratorio.
- B) Na neveira, a 4°C, pechada hermeticamente e correctamente etiquetada.
- C) Na mesiña do paciente.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

95. No Servizo de Urgencias ingresa un paciente por accidente de tráfico. Necesita unha transfusión sanguínea de forma inmediata e non coñecemos o seu grupo sanguíneo. Deberían solicitar ao Banco de Sangue, sangue do grupo:

- A) AB con Rh positivo, xa que é o receptor universal.
- B) O con Rh negativo, xa que é o doante universal.
- C) Non se poderá solicitar sangue porque non se coñece o grupo sanguíneo do paciente.
- D) Solicitaráselle sangue á familia do paciente ata o segundo grado de consanguinidade.



96. Iniciamos a quenda de tarde e pola mañá realizouse un ingreso na nosa unidade, ó consultar os datos do paciente en GACELA observamos que, na fiestra do mapa de camas, a carón do número de cama aparece unha bandeira vermella como indica a imaxe superior. Que nos está a indicar?

- A) O paciente debe permanecer en illamento inverso.
- B) O paciente debe permanecer en illamento de contacto.
- C) O paciente debe permanecer en illamento entérico.
- D) O paciente padece unha alerxia.

97. Paciente de 39 anos operada dun cancro de mama que tras ser tratada con radioterapia, pasados 3 meses, comenza a sentir pesadez e adormecemento no brazo do lado operado aparecéndolle signos como inchazón e inflamación. De que afección estaríamos a falar?

- A) Linganxioma.
- B) Linfadenoma.
- C) Linfedema.
- D) Linfoma.

98. Na central de esterilización chega material para esterilizar por calor húmida, dos citados, cales NON se poden someter a vapor saturado por autoclave?:

- A) Téxtiles secos.
- B) Vidro.
- C) Substancias graxas.
- D) Contedores.

99. Se queres consultar algunha prescrición dun paciente ingresado na túa unidade, debes acceder á seguinte aplicación informática:

- A) Fides.
- B) Synasp.
- C) Silicon.
- D) Recex.

100. Emilio, TCAE en medicina interna, sabe que dentro da prevención de accidentes do paciente, a incidencia de caídas foi considerada un indicador indirecto da calidade da atención do persoal de enfermería. Que escala das citadas, sería a máis adecuada para a prevención de caídas en adultos maiores hospitalizados?

- A) Escala de test do lobo.
- B) Escala Pfeiffer.
- C) Escala Braden.
- D) Escala Dowton.

101. Josefa está ingresada por parotidite, polo que debemos tomar precaucións para evitar a transmisión de microorganismos por gotas. Entre estas precaucións atópase:

- A) Utilizaremos máscara cando esteamos a menos dun metro da paciente.
- B) A porta do cuarto debe permanecer cerrada en todo momento.
- C) Se ten que desprazarse a outro servizo farao con máscara FFP2.
- D) Manter á paciente nun cuarto con presión de aire negativa.

102. Luís é o cuidador principal do seu pai, que é un paciente terminal. Á hora de realizar a hixiene persoal de seu pai, Luís ha de ter en conta varios aspectos. Señala a resposta INCORRECTA:

- A) Aproveitará o momento no que o seu pai está máis forte ou animado.
- B) Respetará a súa intimidade e utilizará os seus propios efectos persoais.
- C) Manterá a pel limpa e hidratada.
- D) Tratará de realizar o aseo de maneira minuciosa e rápida para que o seu pai non se esforce.

103. No servizo de urxencias do hospital XY, un paciente entra en PCR nun dos cubículos. Se queremos iniciar a RCP, que é o primeiro que debemos facer?

- A) Deixar as vías aéreas libres.
- B) Retirar a dentadura postiza.
- C) Colocar a táboa debaixo do colchón.
- D) Todas son correctas.

104. Ás doce da mañá hai que administrar a Martín P S, paciente da habitación 306 B, gotas óticas en ambos oídos. Administraremos dita medicación do seguinte xeito:

- A) Deixaremos transcorrer 5 minutos entre a administración do fármaco nun oído e no outro.
- B) Utilizaremos o envase de uso colectivo que contén o fármaco (se non hai máis dun mes que está aberto).
- C) O contagotas debe tocar obrigatoriamente o pavillón auricular.
- D) Todas son correctas.

105. Para facilitar a comunicación dun paciente ancián con alteracións da fala, é correcto:

- A) Facilitaremos papel e lapis.
- B) Identificaremos o método que lle permita expresar mellor as súas necesidades.
- C) Aconsellarémoslle que non se esforce e adiantarémonos ás súas necesidades.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

106. Suso traballa como TCAE na planta de hospitalización de medicina interna do hospital C. A DUE coa que comparte pacientes, comunícalle que prepare todo o material necesario para aplicar un enema de limpeza ao paciente da habitación 522/1. Unha vez que ten todo o material preparado, e informaron ao paciente do procedemento, Suso colabora coa DUE para facilitar a aplicación do enema; como debe colocar ao paciente?

- A) En DS (decúbito supino), coas pernas flexionadas, e a cabeceira da cama a 35°.
- B) En DLE (decúbito lateral esquerdo), coa perna dereita o máis flexionada posible, proporcionándolle unha posición cómoda para facilitar a entrada do tratamento.
- C) En posición xenupectoral ou mahometana, e así facilitar á DUE o acceso á cavidade rectal para a aplicación do tratamento e a súa total eficacia, ademais de evitar dor e incomodidade ao paciente.
- D) En DLD (decúbito lateral dereito), coas dúas pernas flexionadas, unha almofada debaixo da cabeza e os brazos entrecruzados á altura do peito, indicándolle un ritmo de respiración compasado para facilitar o procedemento.

107. Lolo, TCAE na planta de uroloxía está preparando o material necesario para administrar un supositorio a Luís, paciente da habitación 303 A. Entre o material que necesita para a súa administración atópase:

- A) Luvas non estériles.
- B) Luvas estériles.
- C) Lubricante liposoluble.
- D) As respostas A e C son correctas.

108. Cando Elías está a acompañar á súa nai na Unidade de Coidados Paliativos, o persoal técnico en coidados auxiliares de enfermaría NON deberá:

- A) Dar apoio emocional e reducir os seus temores.
- B) Respetar o dereito á intimidade de Elías coa súa nai.
- C) Favorecer e facilitar a expresión de sentimentos.
- D) Forzar a toma de decisións para que a Elías lle resulte máis doado afrontar o dó.

109. Cando na súa actividade profesional, o técnico en coidados auxiliares de enfermaría debe proporcionar apoio aos familiares fronte á dor e a morte, NON é correcto:

- A) As familias necesitan atención ao mesmo tempo que o paciente terminal.
- B) Os familiares deben ser partícipes do plan de coidados do paciente.
- C) Se existe un familiar ao cal o paciente non desexa ver ou experimenta sentimentos negativos cara a el, o profesional debe evitar na medida do posible que visite ao paciente.
- D) O profesional aconsellará á familia que non exprese os seus sentimentos diante do paciente.

110. Andrés é un paciente de 67 anos trasplantado e ingresado cun illamento inverso, a preparación da habitación para evitar infeccións nosocomiais debería de ser:

- A) Individual, material de uso exclusivo, alimentos crus, porta pechada sempre.
- B) Individual, aínda que podería compartir habitación con pacientes na mesma situación.
- C) Individual, material de uso exclusivo, auga e alimentos estritamente controlados, porta pechada sempre.
- D) Individual, material de uso exclusivo, mostras de laboratorio en dobre bolsa, porta pechada sempre.